



RESOLUCIÓN DO 4 DE OUTUBRO DE 2019, DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA, POLA QUE SE PROCEDE A DAR PUBLICIDADE Á LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE XEFE/A DE SECCIÓN DE ADMISIÓN – SISTEMAS DE INFORMACIÓN E XESTIÓN DO COÑECEMENTO, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 15 DE ABRIL DE 2019 (DOG Nº 86, DO 7 DE MAIO)

Por Resolución do 15 de abril de 2019, da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña (DOG nº 86, do 7 de maio), convocouse, para a súa provisión, polo sistema de concurso de méritos, un posto de Xefe/a de Sección de Admisión – Sistemas de Información e Xestión do Coñecemento.

Publicada o día 12 de agosto de 2019 a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as no devandito proceso e, unha vez rematado o prazo de presentación de reclamacións e/ou emendas, esta Xerencia de Xestión Integrada, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 43/2013, do 21 de febreiro (DOG nº 47, do 7 de marzo), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e da Orde do 22 de xullo de 2011 (DOG nº 146, do 1 de agosto), pola que se desenvolve a estrutura de Xestión Integrada da Coruña e Santiago de Compostela e a Orde do 5 de xullo de 2012 (DOG nº 139, do 20 de xullo de 2012), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVE:

Primeiro.- Elevar a definitiva a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no presente proceso de provisión, segundo se recolle no Anexo I á presente Resolución.

Segundo.- Publicar, como Anexo II, a composición da Comisión Técnica, de conformidade co previsto na Base Sexta da Convocatoria.

DILIXENCIA:

Para facer constar que con esta mesma data procédese á publicación da presente resolución.

A Coruña, 4 de outubro de 2019
O DIRECTOR DE RR.HH.

Asdo.: Javier Fernández Nistal

A Coruña, 4 de outubro de 2019

SERVIZO | Xerencia Xestión Integrada
de SAÚDE | A Coruña
XERENCIA

Luis Verde Remeseiro



ANEXO I

LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS

Solicitante	DNI	Estado
Reyes Ferreira, Javier	***3557**	Admitido

(*) Ocúltase parcialmente o número do documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal



ANEXO II

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN

Presidente	Antonio Fernández García (Director de Procesos Asistenciais)
Vogais	Javier Fernández Nistal (Director de RR.HH.) María Paz Vázquez Castro (Coordinadora de Admisión)
Secretaria	Graciela Alvarez Portela (Xefe de Servizo de RR.HH.)